

**RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE RESPONSA ÁS ALEGACIÓNS E POLA QUE SE FAI PÚBLICA A LISTAXE DE PUNTUACIÓNS OBTIDAS NA FASE DE PROBA ESCRITA, E AS PERSOAS QUE PASAN Á FASE DE ENTREVISTA**  
**PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA CON PERFIL DE XESTOR/A DE PROXECTOS E ESPECIALISTA EN ADMINISTRACIÓN XERAL**

En cumprimento do previsto nas Bases e Convocatoria do procedemento de selección para a contratación dunha persoa con perfil de xestor/a de proxectos e especialista en administración xeral, tras a celebración da proba escrita, e reunida e válidamente constituída a comisión de selección, procédese a obter as calificacións obtidas polas persoas que participan na proba escrita da plataforma informática onde se realizou dita proba en [aula-eurural.org](http://aula-eurural.org)

En cumprimento do previsto no punto 7.2.1. das bases do procedemento, a comisión procede a facer pública a resolución provisional pola que se fai pública a listaxe de calificacións obtidas,. Dacordo ao establecido no punto 7.2.1 das Bases Reguladoras e Convocatoria do procedemento de selección, a proba ten carácter eliminatorio, de xeito que existe un primer filtro ao respecto da puntuación acadada, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 25 puntos (sobre os 50 totais) para poder continuar no proceso de selección. Todas as persoas admitidas que non participaron na proba escrita quedan automaticamente eliminadas do procedemento.

En aplicación destas condicións establecidas nas Bases da convocatoria, publicouse na mesma resolución provisional a listaxe de persoas que pasan o filtro de puntuación e, polo tanto, superan esta fase e pasan á fase seguinte.

Segundo o previsto no punto 7. 2. 1 das Bases Reguladoras e Convocatoria do procedemento de selección, no caso de que algunha das persoas candidatas considerase preciso facer calquera tipo de alegación ao respecto da proba escrita, queda habilitado o prazo máximo de 2 días naturais a contar desde a data de publicación da presente comunicación. En cumprimento desta base, o mesmo día 25 de outubro abriuse prazo de alegacións de 2 días naturais, ata o 27 de outubro, facendoo constar este feito na resolución provisional publicada, e habilitando formulario para tal fin na web do proceso, [eurural.gal](http://eurural.gal)

Unha vez finalizado o periodo de alegacións previsto, a comisión de selección, válidamente constituída, da constancia de ter recibidas dous alegacións dentro do prazo previsto, e procede a valoralas de xeito individual dacordo ao previsto nas bases do procedemento:

### **Alegación recibida 1 o 26 de outubro de 2023 ás 11:28 p.m.**

A persoa interesada presenta alegacións sobre dous preguntas da proba escrita:

#### Pregunta 5:

A persoa interesada alega o seguinte:

*“en relación con la pregunta 5 del cuestionario test: Existe un defecto de forma en la redacción de las respuestas ya que la respuesta b) dice “As respostas A e B son correctas”*

#### Pregunta 22:

A persoa interesada alega o seguinte:

*“El valor actual neto (VAN) es un criterio de inversión que consiste en actualizar los cobros y pagos de un proyecto o inversión para conocer cuanto se va a ganar o perder con esa inversión. También se conoce como valor neto actual (VNA), valor actualizado neto o valor presente neto (VPN). Para ello trae todos los flujos de caja al momento presente descontándolos a un tipo de interés determinado. El VAN va a expresar una medida de rentabilidad del proyecto en términos absolutos netos, es decir, en nº de unidades monetarias.*

$$VAN = -I_0 + \sum_{t=1}^n \frac{F_t}{(1+k)^t} = -I_0 + \frac{F_1}{(1+k)} + \frac{F_2}{(1+k)^2} + \dots + \frac{F_n}{(1+k)^n}$$

*F<sub>t</sub> son los flujos de dinero en cada periodo t*

*I<sub>0</sub> es la inversión realiza en el momento inicial ( t = 0 )*

*n es el número de periodos de tiempo*

*k es el tipo de descuento o tipo de interés exigido a la inversión*

*La respuesta a) no es correcta porque no es un porcentaje, pero la c) tampoco lo es porque no se trata sólo de la diferencia entre el valor actualizado de los cobros y pagos, que serían los flujos, sino de su relación con la inversión inicial.*

### **Alegación recibida 2, o 27 de outubro de 2023 ás 11:41 a.m.**

O interesado presenta alegación presentada por rexistro electrónico anteriormente.

*“Como non recibín resposta das alegacións presentadas o 20 de outubro de 2023, volto reproducilas nesta instancia, e envío como arquivo adxunto, copia da citada alegación e xustificane da súa presentación., Este Espazo é insuficiente para alegacións.”*

### Resposta razonada da Comisión de Selección ás alegacións recibidas:

Unha vez analizadas e estudadas as alegacións recibidas, e tras pedir informe técnico sobre a pregunta 22, a comisión de selección aproba as seguintes respostas ás alegacións recibidas:

### Resposta á Alegación recibida 1, o 26 de outubro de 2023 ás 11:28 p.m.

A pregunta 5 da proba escrita di:

<b>5</b>	O baremo que determina as puntuacións dos proxectos non productivos que poderían acadar orzamento por parte de GDR 14 para a súa implementación, se estrutura en base a características da ubicación xeográfica, perfil do promotor, criterios medioambientais, impacto do proxecto no territorio e na poboación rural e...
----------	---

E as posibles respostas son, na orde que visualizou a persoa interesada:

<b>A</b>	Relación Emprego creado/ investimento elixible do proxecto
<b>B</b>	As respostas A e B son correctas
<b>C</b>	<b>Capacidade de arrastre do proxecto</b>

Con independencia de que o feito de que resposta b teña que ver con un defecto de forma como afirma a persoa interesada, ou cunha opción errónea premeditada polo redactor do exame para comprobar a concentración da persoa que realiza o exame, esta pregunta, ao igual que o resto da proba escrita, tiña unha única resposta correcta, que non é esta, senon a resposta “Capacidade de arrastre do proxecto”. A existencia de outras opcións en ningún lugar pon en dúbida cal das opcións dispoñibles para as persoas que fan a proba escrita é a correcta, polo que non se atopa razón suficiente para anular a pregunta.

En relación á pregunta 22, o enunciado di:

<b>22</b>	Unha das ferramentas empregadas para o control da rentabilidade económica dos proxectos é o Valor Actualizado Neto (VAN). Das seguintes definicións, indica cal é a que se corresponde con dita ferramenta
-----------	--

### E as posibles respostas:

<b>A</b>	Método de valoración de inversións que mide a rendibilidade dos cobros e pagos actualizados, xerados por unha inversión, en términos relativos, é dicir, en porcentaxe
<b>B</b>	<b>Diferencia entre o valor actualizado dos cobros e dos pagos xerados nunha inversión ou proxecto e que por tanto proporcionan unha medida da rendibilidade do proxecto analizado en valor absoluto</b>
<b>C</b>	Tasa mínima de rendibilidade que se lle esixirá ao proxecto de maneira que permita cubrir a totalidade da inversión inicial, os ingresos da operación, os intereses, os impostos e máis a rendibilidade que o inversionista esixe ao seu propio capital investido

A persoa interesada expón que a resposta correcta non é correcta “...porque no se trata sólo de la diferencia entre el valor actualizado de los cobros y pagos, que serían los flujos, sino de su relación con la inversión inicial.”

Enténdese de esta afirmación que argumenta a incorrección da resposta baseándose en que non se fai referencia á relación coa inversión inicial. Non obstante, a enunciación da resposta di “nunha inversión ou proxecto”, que fai referencia, precisamente, á inversión inicial, polo que a definición do VAN queda perfectamente establecida e non se detectan fallos que fagan declarar a nulidade desta pregunta.

### Resposta á Alegación recibida 2, o 27 de outubro de 2023 ás 11:41 a.m.

Se procede a comunicar á persoa interesada que a alegación presentada con anterioridade por rexistro electrónico foi respostada e enviada por rexistro de saída e correo certificado con acuse de recibo, polo que recibirá a resposta á súa alegación anterior, referida a fases anteriores do proceso, e que non procede volver a presentala por este medio.

### Resolución

A comisión de selección, por todo o anterioremente exposto, resolve publicar a listaxe definitivo de puntuacións obtidas, dacordo á seguinte táboa:

Apelido(s)	Nome	Cualificación/50,00
Alonso Vila	Diego	10,00
Álvarez Alonso	Anadía	50,00
Carreira García	María Luisa	11,00
Daviña Romero	María Dolores	24,50
Freire Quintas	Marta	26,00
García Carnero	Aurora María	18,00
Gregorio Otero	Helena	20,00
Martíns Salinas	Sergio	18,50
Pereira González	Lucía	23,50
Ramos Pérez	María del Carmen	12,00
Suárez Pertierra	Isidro	19,00
Vizoso Marcos	Ángela	16,00

E en base a estes resultados obtidos na proba escrita, e ao previsto no punto 7.2.1. das bases que rixen o procedemento, publicar a listaxe de persoas que pasan á seguinte fase de entrevista,

Apelido(s)	Nome	Cualificación/50,00
Álvarez Alonso	Anadía	50,00
Freire Quintas	Marta	26,00

dacordo á seguinte táboa:

Así mesmo, e dacordo co mesmo punto 7.2.1, xunto coa resolución definitiva procédese a convocar por quendas ás persoas que superaron a fase anterior á fase de entrevistas, que terá lugar **o xoves 2 de novembro a partir das 9:30 horas na Escola de Musica do Auditorio de Goián (Tomiño)**

Apelido(s)	Nome	Quenda
Álvarez Alonso	Anadía	9:30 h.
Freire Quintas	Marta	10:00 h.

En Mos, a 30 de outubro de 2023

**Asdo. Sandra González**  
**Presidenta da Comisión de Selección**